

Servizo de
CONTRATAÇÃO

CONCELLERÍA
DE
CONTRATAÇÃO

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 2 DE SETEMBRO DE 2020

Ás 11:30 horas do día 2 de setembro de 2020, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 28 de agosto, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. Susana García Álvarez, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D^a. Dolores Bernárdez Fernández, adxunta ao xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns (asiste ao punto 7)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos.

a) Procedemento aberto dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de música folk e tradicional (E-TRAD) (23.978-332)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 27 de agosto de 2020, ao día seguinte, se concedeu un prazo de tres días ao licitador presentado para que emendase a documentación persoal. Durante o prazo concedido o licitador presentou documentación. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento a GALEGA DE RECURSOS EDUCATIVOS AVANZADOS, S.L. por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:34	Páxina 1 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A745-CEDA27-BHCDE9-VQZLMA-7YZXH6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b) Procedemento aberto para a contratación por lotes das obras de renovación de céspede artificial e instalacións no campo de fútbol de A Guía e a renovación de céspede artificial e instalacións no campo de Fragoselo-Coruxo (565-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 27 de agosto de 2020, ao día seguinte, se concedeu un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que emendasen a documentación persoal:

1. OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO S.L.
2. MONDO IBÉRICA, S.A.U.

Dos anteriores licitadores, MONDO IBÉRICA, S.A.U. presentou documentación en prazo e OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO S.L. presentou documentación ao día seguinte da finalización do prazo concedido.

Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento a MONDO IBÉRICA, S.A.U. por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.
- b) Non admitir neste procedemento a OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO S.L. por ter presentado a documentación requirida por acordo da Mesa do 27 de agosto de 2020 para a emenda da documentación esixida para declarar o cumprimento dos requisitos previos fóra do prazo concedido.

O requirimento foi formulado de acordo co disposto na cláusula 9 "COMUNICACIÓNS E NOTIFICACIÓNS" do PCAP que se reproduce a continuación:

"1.- As comunicacións entre o Concello e os licitadores realizaranse a través do enderezo de correo electrónico que estes deberán designar na declaración responsable incluída no sobre A da súa proposición, sen prexuízo da publicidade dos actos emitidos, cando legalmente proceda, e da práctica das notificacións esixidas pola Lei 9/2017 na forma prevista na súa disposición adicional 15ª.

2.- As notificacións practicaranse por medios electrónicos o mesmo día da publicación do seu contido no perfil de contratante. Cando nelas se sinale algún prazo para a práctica dalgunha actuación polo destinatario, este computarase desde a data de publicación no perfil de contratante.

3.- Para estes efectos, os licitadores deberán designar na Plataforma de Contratación do Sector Público (PLACSP) un enderezo de correo electrónico".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:34	Páxina 2 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A745-CEDA27-BHCDE9-VQZLMA-7YZXH6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATAÇÃO

CONCELLERÍA
DE
CONTRATAÇÃO

CONCELLO
DE VIGO



O prazo para presentar a documentación requirida remataba o 31 de agosto de 2020, tal e como se indicaba na notificación e no anuncio publicado, e OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO S.L. presentou a documentación o 1 de setembro de 2020.

c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión parcial das escolas infantís municipais "Santa Cristina-Lavadores" e Costeira-Saiáns" para o primeiro ciclo de educación infantil (24.359-332)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

1. Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.
 1. ARASTI BARCA MA, S.L. (lotes 1 e 2)
 2. AURORA PILAR Y ANA, S.L. (lotes 1 e 2)
 3. EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A. (lotes 1 e 2)
 4. KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, S.A. (lotes 1 e 2)
2. Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación.
 1. COLEGIO LOS MILAGROS, S.L. (lotes 1 e 2): deberá presentar o anexo II ao PCAP esixido na cláusula 14.2A.
 2. FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANÁLISES (lotes 1 e 2): deberá presentar un novo DEUC no que declare correctamente se posúe a solvencia técnica esixida neste procedemento (servizos ou traballos realizados nalgún dos últimos tres anos por importe igual ou superior a unha anualidade media dos lotes aos que se presenta - cláusula 8.4.3º do PCAP). No DEUC presentado declárase a realización de diversos contratos nos que se detalla a data de inicio pero non a de finalización, polo que non é posible comprobar o importe das anualidades dos últimos tres anos.

Para os efectos de facilitar a emenda do DEUC indícase que se o licitador posúe a solvencia (económica e técnica) esixida no prego, pode declarar esta circunstancia respondendo afirmativamente á pregunta recollida na parte IV ("Indicación global relativa a todos los criterios de selección").

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto dos servizos de xestión parcial, docencia e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:34	Páxina 3 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A745-CEDA27-BHCDE9-VQZLMA-7YZXH6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

desenvolvemento da escola municipal de música folk e tradicional (E-TRAD)(23.978-332)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descrición dos documentos que compoñen o sobre B "*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*" do único licitador presentado e admitido.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación por lotes das obras de renovación de céspede artificial e instalacións no campo de fútbol de A Guía e a renovación de céspede artificial e instalacións no campo de Fragoselo-Coruxo (565-441)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descrición dos documentos que compoñen o sobre B "*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*" dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión parcial das escolas infantís municipais "Santa Cristina-Lavadores" e "Costeira-Saiáns" para o primeiro ciclo de educación infantil (24.359-332)

Retírase este asunto porque a Mesa acordou conceder un prazo a un dos licitadores para a emenda da documentación persoal.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliables mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto da "Xestión, organización e desenvolvemento dos traballos de asistencia técnica e dinamización do funcionamento do CEMV" (24.177-332)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado e admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado polo técnico medio de Actividades Culturais e Educativas e a xefa do Servizo de Educación o 26 e 27 de agosto de 2020 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:34	Páxina 4 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A745-CEDA27-BHCDE9-VQZLMA-7YZXH6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



a) Procedemento aberto da "Xestión, organización e desenvolvemento dos traballos de asistencia técnica e dinamización do funcionamento do CEMV" (24.177-332)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo total	Compromiso de realización de estudos aos membros integrantes do CEMV de conformidade co sinalado no apartado 7B da FEC
1	VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L.	31.733,77 euros	si

O licitador presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

Compróbase na sesión que a oferta presentada non contén valores anormais de acordo co previsto na cláusula 18 do PCAP e, en cumprimento do establecido na cláusula 16.3 do PCAP a Mesa outórgalle a máxima puntuación segundo o apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP:

	Licitador	Prezo total	Compromiso de realización de estudos aos membros integrantes do CEMV de conformidade co sinalado no apartado 7B da FEC	Total
1	VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L.	49 puntos	10 puntos	59 puntos

Tendo en conta a puntuación outorgada na proposición avaliable mediante xuízo de valor, a puntuación total é a seguinte:

	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L.	35 puntos	59 puntos	94 puntos

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:34	Páxina 5 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A745-CEDA27-BHCDE9-VQZLMA-7YZXH6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto da "Xestión, organización e desenvolvemento dos traballos de asistencia técnica e dinamización do funcionamento do CEMV" (24.177-332) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L.	94 puntos

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L. (B-36.917.201), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 222 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de conservación e reposición das zonas de xogos, áreas biosaudables, espazos recreativos de auga, mobiliario urbano, e fontes ornamentais das zonas verdes da Cidade de Vigo (12.887-446)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro industrial do programa de análise e avaliación do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, a adxunta ao xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns e o xefe da Área de Servizos Xerais do 24 de agosto de 2020, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con EULEN, S.A. por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto de servizos de actuacións musicais no “ciclo de bandas de música ao son das festas de Vigo” (8.507-335)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:34	Páxina 6 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A745-CEDA27-BHCDE9-VQZLMA-7YZXH6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A continuación comunica que con data 20 de agosto de 2020 notificouse a resolución de clasificación e requirimento da documentación esixida no artigo 150.2 da LCSP á FEDERACIÓN DE BANDAS DE MUSICA POPULARES DE VIGO.

Dentro do prazo concedido, o 27 de agosto de 2020, o licitador presentou documentación. Á vista da documentación presentada, dado que o licitador achegou para acreditar a súa solvencia técnica unha declaración na que se inclúe, entre outros, a Organización do programa "Vigo un mar de bandas" coa Concellería de Cultura do Concello de Vigo por importe de 170.000 €, o Servizo de Contratación solicitou informe ao Servizo de Cultura ao abeiro do artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Á vista da documentación presentada e tendo en conta o anterior, a Mesa acorda, por unanimidade, deixar pendente este asunto ata que o Servizo de Cultura emita o informe solicitado.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:34	Páxina 7 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A745-CEDA27-BHCDE9-VQZLMA-7YZXH6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		